

## ***Programa:***

- 1) A xornada realizarase o día 9 de novembro de 9,30 h. a 13,30 nas aulas do CVC de Valadares (Camiño do Pedregal, 6; 36315 Valadares-Vigo)
- 2) Cada sesión durará 50 minutos e consistirá nunha exposición de 20 minutos por parte da persoa encargada de desenvolver a temática e a continuación 30 minutos para preguntas e aclaracións por parte das asistentes.
- 3) Entre cada sesión haberá un descanso de 10 minutos.

## ***Inscrición:***

- 1) Aos efectos de organización, é necesario inscribirse para poder participar, chamando ás oficinas do CVC de Valadares (986467053) en horario de oficina (de 9,00 h. a 20,00 h.)
- 2) A única condición esencial para inscribirse é a de estar comprendido nas idades de 10 a 16 anos, inclusive.
- 3) Será por conta de cada moza/mozo inscrito a responsabilidade de traer os elementos necesarios que considere para mellor aproveitamento da xornada.

# ***OBRA DOIRO 2024***

## ***Artes plásticas***



**Centro  
Veciñal e  
Cultural  
Valadares**



## OBXECTIVO

Olá!. Gústache o debuxo, ou a pintura?; ou tes inclinación pola banda deseñada?; ou gustaríache darlle forma a materiais para facer pezas escultóricas de carácter figurativo?. Posibelmente te propuxeches máis dunha vez intentalo pero necesitabas algúns consellos ou orientacións de como principiar e desenvolver a túa idea ate chegar a darlle forma pero non o lograbas e, as veces tomaches a decisión de intentalo máis adiante.

**Pois non!!!.** Rematouse esa situación e, de aí que esta oportunidade a presentemos como ese necesario estímulo para lograr os teus propósitos. Non pretendemos facer artistas se non dar esas chaves básicas, pero esenciais, que vos permitan coller as referencias imprescindíbeis e os impulsos necesarios para lograr a vosa idea e iniciar esa vía de expresión da túa sensibilidade e das túas emocións, a túa interpretación da realidade na que vives mediante a arte e o talento.

A idea é que aprendas gozando de “facer e experimentar” con pinturas, con materiais, con proxectos, con técnicas e xeitos de facer de todo tipo. Para isto, procuraremos trasladarche unha serie de nocións motivadoras e innovadoras que partindo da práctica e da formación fomenten a participación no mundo das artes plásticas e a creatividade.

Se sentes que necesitas expresarte, se queres desenvolver a túa imaxinación, anímate e ven a esta xornada. Pode ser a oportunidade que andabas buscando!. Cantos proxectos non logran “pasar do tinteiro das ideas” cando poderían ser o xermolo dun brillante resultado para compartir co resto da sociedade?

## PROGRAMA

### Obradoiro 1

**Explorando o mundo da cor.** Técnicas, mesturas, composicións e texturas. Por *Antonio Comesaña Abalde*.

### Obradoiro 2

**Modelando volumes. Conformando espazos.** Características, tipos e realización. Por *Remigio Davila Fernández*.

### Obradoiro 3

**Introdución á banda deseñada.** Por *Inés Vázquez Ramallal*.

